



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS E O CONCELLO DE SANXENXO PARA A "URBANIZACIÓN DA RÚA PROGRESO (PO-308)" EN SANXENXO

Santiago de Compostela, 22 de marzo de 2018

REUNIDOS

Dunha parte, Ethel M^a Vázquez Mourelle, presidenta da Axencia Galega de Infraestructuras, facultada para a formalización deste convenio polo Decreto 173/2011, do 4 de agosto, polo que se aproba o estatuto da Axencia Galega de Infraestructuras.

Doutra parte, Telmo Martín González, na súa condición de alcalde do Concello de Sanxenxo, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 21.1 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Ambas as dúas partes recoñécense mutuamente na calidade en que interveñen con capacidade legal, suficiente e necesaria para o outorgamento do presente convenio de colaboración e, a tal efecto

EXPOÑEN

Primeiro. A rúa Progreso, denominación da estrada PO-308 ao seu paso polo núcleo urbano da capitalidade do concello de Sanxenxo, pertence á rede de estradas de titularidade da Xunta de Galicia. En concreto, o treito entre os puntos quilométricos 16+050 e 17+330 é o que se pode cualificar como o de características máis urbanizadas, con alta densidade de edificación e unha elevada intensidade de tráfico.

Neste treito é necesario compatibilizar o tránsito dos vehículos, a función da estrada como soporte das infraestructuras de servizos urbanos, a presenza constante de peóns e a necesidade de que presente un estado axeitado á consideración de Sanxenxo como un dos puntos de maior atractivo turístico de Galicia. Trátase, por tanto, dun treito da PO-308 que transcende do seu cometido orixinal como estrada e polo que o concello interesa a súa mellora, en colaboración coa Administración autonómica.

Actualmente, a sección transversal da rúa Progreso é bastante irregular, con calzada de dobre sentido de circulación, aparcamento en liña e beirarrúas de ancho variable. Estas beirarrúas non cumpren cos requirimentos dun itinerario accesible, dado que a sección útil é insuficiente, o estado de conservación deficiente, a ubicación do mobiliario urbano pouco axeitada e non se dispón de espazos de estancia ou descanso.



É, por tanto, o obxecto da obra a urbanización do treito da PO-308, rúa Progreso, entre os puntos quilométricos 16+050 e 17+330, é dicir, ao seu paso polo núcleo urbano de Sanxenxo.

Segundo. A Axencia Galega de Infraestruturas ten entre os seus obxectivos a mellora da rede viaria de Galicia, a ordenación do territorio e a súa cohesión, de xeito que se proporcione ás persoas usuarias unha rede eficaz, cómoda e segura, fomentando as relacións municipais e intermunicipais na procura e no fomento dun desenvolvemento harmónico.

Terceiro. O Concello de Sanxenxo, é o titular dos servizos urbanos no treito da estrada obxecto do convenio, tales como saneamento, abastecemento de auga, telecomunicacións, gas, alumeado ou enerxía eléctrica, e é do seu interese a súa renovación e ordenación. A maior parte destes servizos urbanos propónse que se ordenen baixo as beirarrúas, polo que é do interese das partes a racionalización do funcionamento da administración pública o cambio de titularidade a favor do concello de Sanxenxo de todo o Dominio Público do treito de estrada afectado pola execución das obras, salvo a calzada e as beiravías resultantes da execución das obras, de modo que poida xestionar de modo máis directo os servizos urbanos da súa titularidade.

Cuarto. O Concello de Sanxenxo redactou o anteproxecto de "Urbanización da rúa Progreso. Concello de Sanxenxo (Pontevedra), que serve de base para a formulación deste acordo. De acordo co recollido no mesmo, o peso das actuacións referidas a cuestións de competencia municipal tralo cambio da titularidade previsto neste convenio ascende ao 87,9% do investimento estimado no orzamento: servizos (e movemento de terras asociados), beirarrúas e aparcamentos, mobiliario urbano, etc,. En sentido contrario, a renovación do pavimento da calzada ascende ao 12,1% do orzamento. Polo tanto, é aconsellable que sexa o concello de Sanxenxo o que asuma as labores de contratación e execución das obras.

Quinto. O Plan de Mobilidade e Ordenación Viaria Estratéxica, plan MOVE, contempla entre as súas liñas básicas a mellora das condicións de accesibilidade e da mobilidade das persoas.

Sexto. A Axencia Galega de Infraestruturas, en colaboración co Concello de Sanxenxo, trata de fomentar aqueles investimentos que resolvan problemas nas infraestruturas, coa finalidade dun desenvolvemento económico e social que aporte unha maior calidade de vida á cidadanía.

As actuacións obxecto deste convenio son complementarias á propia idea básica e intrínseca da estrutura elemental da calzada e da infraestrutura viaria. Esa consideración de complementariedade, xunto coa necesidade dunha actuación en materia de accesibilidade e



seguridade viaria, xustifican a concesión directa dunha subvención ao Concello de Sanxenxo ao abeiro do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, por parte da Axencia Galega de Infraestructuras.

Os convenios entre administracións públicas constitúen o elemento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal e como establecen o artigo 57 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o artigo 198 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Considerando a confluencia dos intereses das partes comparecentes, faise preciso artellar as bases para a óptima coordinación e así regular a colaboración nas súas actuacións. Para o fin mencionado, formalízase o presente convenio con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

O obxecto do presente convenio é establecer as bases da colaboración técnica e económica entre a Xunta de Galicia e o Concello de Sanxenxo que permitan realizar a urbanización da rúa Progreso (PO-308), entre os puntos quilométricos 16+050 e 17+330, e a racionalización das titularidades dos elementos funcionais da estrada neste treito, mediante o cambio de titularidade en favor do concello de Sanxenxo de todo o Dominio Público do treito de estrada PO-308 afectado pola execución das obras (entre os puntos quilométricos 16+050 e 17+330), salvo a calzada e as beiravías resultantes da execución das obras da PO-308 no devandito treito, o que favorecerá a explotación dos servizos urbanos dende o punto de vista municipal.

O obxecto da actuación é o seguinte:

- Reordenación e optimización da estrada, pavimentándose beirarrúas, aparcamentos e calzada.
- Creación dun itinerario peonil accesible con sección útil superior aos 1,8 m de ancho.
- Disposición de zonas de descanso, axardinadas e o correspondente mobiliario urbano.
- Renovación das canalizacións de servizos urbanos, tales como telefonía, electricidade, abastecemento e saneamento, etc, de modo que se actualicen os seus materiais e se dispoñan de modo coherente coa reordenación da sección transversal da estrada..

Ademais, disporanse dúas novas glorietas, nos puntos quilométricos 16+100 e 16+820, respectivamente.

O orzamento necesario para a execución destas obras estímase en **DOUS MILLÓNS CINCOCENTOS SETENTA E SETE MIL TRESCENTOS NOVENTA E DOUS EUROS CON**



SESENTA E CINCO CÉNTIMOS DE EURO (2.577.392,65 €) IVE engadido. Este orzamento inclúe o orzamento base de licitación e máis o IVE, e o orzamento de reposición de servizos afectados polas obras.

SEGUNDA. REQUISITOS

De acordo co establecido no artigo 4 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, será requisito para a concesión desta subvención directa que o Concello de Sanxenxo cumprise co deber de remisión ao Consello de Contas da súa conta xeral.

TERCEIRA. COMPROMISOS DO CONCELLO DE SANXENXO

O Concello de Sanxenxo obrígase a:

1. Redactar o proxecto de construción para a "Urbanización da rúa Progreso. Concello de Sanxenxo (Pontevedra)", que será remitido á Axencia Galega de Infraestructuras para a súa conformidade.
2. Achegar o 30% do total da obra é dicir, **SETECENTOS SETENTA E TRES MIL DOUSCENTOS DEZASETE EUROS CON OITENTA CÉNTIMOS DE EURO (773.217,80 €)**. As baixas do orzamento que se produzan como consecuencia da adxudicación da execución das obras aplicaranse proporcionalmente a cada unha das partes. Deste modo, o 30% da baixa aplicarase ao financiamento do concello.
3. Executar as obras obxecto deste convenio, previa posta a disposición polo tempo necesario para a súa execución, polo órgano correspondente da Xunta de Galicia, dos terreos necesarios. A posta a disposición quedará formalizada na correspondente acta.
4. Manifestar o compromiso de aceptar a transferencia de todo o Dominio Público do treito de estrada PO-308 afectado pola execución das obras (entre os puntos quilométricos 16+050 e 17+330), salvo a calzada e as beiravías resultantes da execución das obras da PO-308 no devandito treito, previa tramitación do expediente de cambio de titularidade que se realizará consonte ao establecido no artigo 9 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia e no Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia. Asinar a acta de entrega correspondente antes do inicio da execución das obras.
5. Asumir a conservación das zonas axardinadas que se crean nas novas glorietas, tanto no anel central coma nas isletas, e responsabilizarse daquelas conducións que por falta de espazo nas beirarrúas ou por motivo de cruzamentos, queden situadas na calzada ou nas beiravías.
6. Asumir as obrigas económicas que excedan do importe consignado na cláusula cuarta.
7. Xestionar todos os terreos necesarios, así como a reposición de servizos e servidumes afectados non



incluídos no proxecto. Así mesmo, asumirá a realización das xestións pertinentes ante os organismos que corresponda para a obtención dos permisos, licencias e autorizacións regulamentarias.

8. Consonte o establecido no artigo 27.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o concello asume, na súa condición de beneficiario, a total responsabilidade ante a Axencia Galega de Infraestructuras. Tamén se compromete a establecerlle ao contratista a obriga de colaboración para o exercicio das funcións de control previstas no artigo 45 da citada lei.

9. Facilitar, se fose o caso, toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas de Galicia no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas obxecto do presente acordo.

10. Comunicar á Axencia Galega de Infraestructuras, se fose o caso, a alteración nas condicións tidas en conta para a concesión da axuda obxecto deste convenio e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais para os efectos de propoñer, se procedera, a modificación das condicións establecidas neste convenio.

11. Comunicar á Axencia Galega de Infraestructuras a data de recepción das obras para os efectos de que esta envíe un representante se así o estima oportuno.

12. O concello deberá dar publicidade da obra mediante un cartel anunciador no que conste expresamente o financiamento da Xunta de Galicia (Consellería de Infraestructuras e Vivenda – Axencia Galega de Infraestructuras) de acordo coa imaxe corporativa oficial da Xunta de Galicia.

CUARTA. COMPROMISOS DA AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS (AXI)

A Xunta de Galicia, a través da Axencia Galega de Infraestructuras, asume o compromiso de financiar o 70% dos gastos de execución das obras, destinando para iso ata un máximo **DUN MILLÓN OITOCENTOS CATRO MIL CENTO SETENTA E CATRO EUROS CON OITENTA E CINCO CÉNTIMOS DE EUROS (1.804.174,85 €)** con cargo a partida orzamentaria 08.A1.512B.760.0, código de proxecto 1999-06714, dos orzamentos da Axencia Galega de Infraestructuras, de acordo coa seguinte distribución:

ANO	Importe obra (€)
2018	902.087,42
2019	902.087,43
TOTAL	1.804.174,85

As baixas do orzamento que se produzan como consecuencia da adxudicación da execución



das obras aplicaranse proporcionalmente a cada unha das partes. Deste modo, o 70% da baixa aplicarase ao financiamento da AXI, xerando dito importe de adxudicación o límite máximo da contía obxecto de subvención.

QUINTA.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO.

A xustificación dos gastos e o seu pagamento realizarase nos termos establecidos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei, e no Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan as especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

Segundo o establecido no artigo 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, poderán realizarse pagamentos a conta, que responderán ao ritmo de execución da acción subvencionada. Estes pagamentos aboaranse por contía equivalente á xustificación presentada, ata un máximo do 80%.

O Concello de Sanxenxo xustificará a subvención mediante a presentación da seguinte documentación:

- 1.Certificación da intervención ou do órgano que ten atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade do gasto realizado e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida.
- 2.Certificación expedida pola secretaría da entidade local, co visto e praxe do alcalde, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención na que se faga constar, como mínimo, de forma detallada:

- O cumprimento da finalidade da subvención.
- Os gastos totais imputables á actuación subvencionada, coa identificación do acredor/a, número de factura, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente.
- Os documentos acreditativos dos gastos realizados con recursos propios.
- Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada, coa indicación do importe e a súa procedencia, de ser o caso.
- Os tres orzamentos que se esixen en aplicación do artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias, coa Seguridade Social, e de non ter pendente de pagamento débedas coa administración pública da comunidade



autónoma de conformidade co establecido nos artigos 10 e 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

- Declaración responsable da obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actuacións subvencionadas.
- Mostra fotográfica da publicidade da subvención, segundo o establecido na cláusula terceira do convenio.

Serán subvencionables os gastos de execución das obras realizados durante o anos 2018 – 2019. En ningún caso serán subvencionables o custo da reposición dos servizos afectados que non estean contemplados no orzamento base de licitación do proxecto nin o da obtención de autorizacións e dos terreos privados afectados pola execución das obras.

A data límite para a xustificación destes gastos é o 30 de novembro de cada ano.

O pagamento realizarase pola parte proporcional da contía da axuda efectivamente xustificada, calculada en función da porcentaxe subvencionada sobre o custo total da actividade.

De conformidade co establecido no artigo 3.1 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións as entidades locais galegas, unha vez que se efectúen os libramentos por parte da Axencia Galega de Infraestruturas a favor do Concello de Sanxenxo, este deberá acreditar documentalmente a efectividade dos pagamentos realizados no prazo máximo de sesenta días naturais contados a partir do ingreso na conta bancaria da beneficiaria de cada un dos aboamentos da subvención concedida.

SEXTA.- SEGUIMIENTO E CONTROL.

Para o seguimento, control e avaliación de cantas dúbidas poidan xurdir na aplicación do convenio poderase constituír unha comisión de seguimento, coa participación dun representante da Axencia Galega de Infraestruturas e dun representante do Concello de Sanxenxo.

A comisión poderase reunir as veces que se estime oportunas para o cumprimento do convenio. En todo caso, a solución das incidencias que poidan xurdir estará condicionada polas limitacións orzamentarias incluídas na cláusula cuarta.

As cuestións litixiosas xurdidas da interpretación, desenvolvemento e aplicación do convenio



serán resoltas pola Axencia Galega de Infraestruturas, poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. Contra estes acordos poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

SÉTIMA. - NATUREZA DO CONVENIO.

Este convenio ten natureza administrativa, rexéndose polas cláusulas que nel se establecen e, no seu defecto, polo regulado na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei de subvencións de Galicia e na Lei 38/2003, do 17 novembro, xeral de subvencións e demais normas de procedente aplicación.

OITAVA.- COMPATIBILIDADE.

Esta axuda é compatible coa obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos doutras entidades para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sempre que a contía total das axudas non supere o 100% do importe da actividade subvencionada. No caso de que a subvención concedida supere, illadamente ou en concorrencia con outras, o custo da actividade para a que foi concedida a subvención, descontarase o exceso obtido sobre o citado custo.

NOVENA.- REVOGACIÓN, REINTEGRO E RESOLUCIÓN.

A axuda concedida ao amparo deste convenio poderá ser obxecto de revogación ou reintegro, xunto cos xuros de demora, cando concorran as circunstancias previstas nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, nos artigos 74 e seguintes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei de subvencións de Galicia e na Lei 38/2003, do 17 novembro, xeral de subvencións.

Será causa de reintegro total o incumprimento das obrigas establecidas para o concello nas cláusulas deste convenio.

En todo caso, será causa de extinción deste convenio a inviabilidade da realización da actuación por causas non imputables ás partes. Así mesmo, será causa de extinción a denuncia por causas de interese público a instancia de calquera das partes asinantes.

DÉCIMA.- PUBLICIDADE.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE
INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

Edificio Administrativo San Caetano
15781 Santiago de Compostela
Telf.: 981 544 564
Fax.: 981 544 543
Correo-e: civ.infraestructuras@xunta.es



De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, a Axencia Galega de Infraestruturas publicará no Diario Oficial de Galicia e na páxina web oficial o importe da axuda concedida. A sinatura do convenio leva implícito o consentimento expreso do beneficiario a favor da Administración concedente para o tratamento necesario dos datos relevantes da axuda concedida e a súa publicación.

Así mesmo, en cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a información requirida será comunicada á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

UNDÉCIMA.- VIXENCIA DO CONVENIO.

Este convenio terá vixencia dende a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2019 e financiará os gastos realizados dende o 1 de xaneiro de 2018 nas condicións establecidas na cláusula quinta.

Así o outorgan no lugar e data do encabezamento, subscribindo o presente convenio por triplicado exemplar.

A presidenta da Axencia Galega de
Infraestruturas

O alcalde do Concello de Sanxenxo

Ethel M^a Vázquez Mourelle

Telmo Martín González